



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**



II DÚATLON ESCOLAR CONCELLO DE CARBALLO (PROBA CLASIFICATORIA) REGULAMENTO

PROMOVE E PATROCINA:

Secretaría Xeral Para O Deporte.

Xunta de Galicia.

ORGANIZAN:

Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude.

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno.

COLABORAN:

Concello de Carballo.

Carballo Deporte.

Protección Civil de Carballo.

Policía Local de Carballo.

DATA, HORA E LUGAR:

Domingo 18 de febreiro de 2018.

Polígono Industrial de Bértoa.

Inicio: 10:30hs.

Remate: 13:30hs.

Entrega de trofeos: 14:00hs.

SECRETARIA DE COMPETICION E RECOLLIDA DE DORSAIS:

Na carpa da organización dende as 09:30hs o mesmo día da proba.

VESTIARIOS A DISPOSICION DOS DEPORTISTAS:

No Campo de Fútbol de As Eiroas, no mesmo Polígono Industrial de Bértoa.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**



DISTANCIAS E HORARIOS:

CATEGORIAS	ANOS	CARREIRA	CICLISMO	CARREIRA	*HORARIOS
BENXAMIN	2008-2009	500 m	2.000 m	250 m	10:30 hs
ALEVIN	2006-2007	1.000 m	4.000 m	500 m	11:00 hs
INFANTIL	2004-2005	1.500 m	6.000 m	750 m	11:45 hs
CADETE	2002-2003	2.000 m	8.000 m	1.000 m	12:30 hs

*HORARIOS APROXIMADOS

INSCRICIÓN:

Deberán enviarse ao correo electrónico da Federación Galega de Triatlón (fegatri@hotmail.com) ou ao fax 982 109 800 antes das 24:00hs do martes día 13 de febreiro de 2018 cumplimentando a folia de inscrición.

Só deportistas dados de alta na actividade deportiva de Dúatlón do programa XOGADE 2018.

Os clubs deberán formalizar a súa alta/mutualización no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) a través da páxina web, deportegalego.es, dentro do programa xogade.xunta.gal

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe definitiva de inscritos estará publicada na páxina web da FEGATRI www.fegatri.org o venres anterior á proba (16 de febreiro de 2018).

CRONOMETRAXE:

A cronometraxe será manual.

PREMIOS:

Medallas aos 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo.

CLASIFICACION:

Clasificaranse para o Campionato Provincial os 25 primeiros por categoría e sexo.

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do programa XOGADE para a especialidade e o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Para as categorías benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para os deportistas e resto de participantes.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



[Ver Normativa Xeral Xogade](#) [Ver Regulamento de Dúatlon Escolar Xogade](#)

[Ver Reglamento Oficial de Competición FETRI](#)

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/REGULAMENTO-DE-COMPETICI%C3%93NS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2018-WEB.pdf>

<http://triatlon.org/triweb/index.php/fetri/reglamentos/>

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS DEPORTIVOS:

Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sináis luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso.

Os participantes, contarán co seguro deportivo do programa XOGADE, debendo seguir o protocolo publicado na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ante calquera incidencia.

<https://www.deporteescolargalego.com/index.asp>

<http://fegatri.org/federacion/seguro-deportivo/>

RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS:

Segundo o regulamento oficial de competición.

CIVISMO E RESPECTO:

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse a o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.




Comprométense tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente aos interesados, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

ZONA SECRETARIA COMPETICION - SAIDA E META - SECTOR CARREIRA A PÉ - BOXES



SECTOR CICLISMO

